Expte: 2619/232
Retirar: 26/07/2024

Secretaría do Goberno Local
Expte. 1309/1102

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN LOITO OFICIAL

Como testemuño da dor do Concello de Vigo e en sinal de condolencia coas familias, compañeiros e persoas achegadas dos falecidos no naufraxio do buque pesqueiro Argos Georgia en Malvinas, singularmente de César Acevedo Durán, patrón de pesca, natural de Vigo, esta Alcaldía en virtude das competencias atribuídas polo artigo 124.ñ da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVE**

**PRIMEIRO.**- Declarar UN DÍA DE LOITO OFICIAL dende as 12:00 horas de hoxe ata as 12 horas do día 25 de xullo, durante as cales as bandeiras de todos os edificios municipais ondearán a media hasta en sinal de dor.

**SEGUNDO.-** Publicar a resolución no taboleiro de edictos e na páxina web municipal para coñecemento da veciñanza dándose conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

Vigo, en data da sinatura dixital

O ALCALDE, Abel R. Caballero Álvarez

Dou fe, a secretaria, Susana Gallardo Fariña

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 24/07/2024 11:48:49 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 24/07/2024 11:56:57 | SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 24/07/2024 11:59:11